



Trav. de Vigo, 36-38
36206 VIGO
Tel 986278089-Fax 986267259

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Colexio "QUIÑONES DE LEÓN"

Travesía de Vigo, 36-38
36206 VIGO

Tfno 986278089-986377771 Fax 986267259
cpr.quinones.leon@edu.xunta.es
<http://www.quinonesdeleon.es>

PROCEDIMENTO PARA AS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓN FINAIS NO CENTRO

ED. INFANTIL E PRIMARIA

- ✓ Os pais dos alumnos poderán reclamar contra as cualificacións outorgadas ao rematar un ciclo educativo, baseándose na inadecuación das probas propostas ao alumno en relación cos obxectivos ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.
- ✓ Os pais que non estean de acordo coa cualificación asignada ao seu fillo ao final dun ciclo poderán presentar no prazo de cinco días unha reclamación por escrito diante o director na que explique as razóns nas que fundamenta a súa solicitude.
- ✓ A dirección do centro nomeará una comisión presidida polo xefe de estudos e integrada polo coordinador do ciclo e todos os membros do correspondente equipo de avaliación que, no prazo de tres días contados desde a presentación da reclamación, deberá adoptar a correspondente decisión, que será comunida (por escrito) de inmediato ao reclamante, e informarao ao mesmo tempo do dereito que o asiste de interpoñer recurso conta ela, no prazo de dez días, ante a Xefatura Territorial quen, logo de informe do servizo de inspección educativa, resolverá, poñendo fin a dita resolución á vía administrativa.
- ✓ Cando a reclamación ou recurso sexa estimado, procederase a rectificar a cualificación, mediante delixencia estendida polo secretario co visto e prace do director, facendo referencia da resolución adoptada.

Garantías para unha avaliación conforme a criterios obxectivos:

- ✓ Facer públicos os criterios xerais sobre avaliación das aprendizaxes e promoción dos alumnos.
 - A principios de curso os titores farán unha posta en común de:
 - Obxectivos, contidos e criterios de avaliación do ciclo.
 - Mínimo esixible para obter unha valoración positiva.
 - Criterios de cualificación.
 - Procedementos de avaliación da aprendizaxe.
 - Criterios de promoción ao seguinte curso ou ciclo.
 - Os profesores facilitarán aos alumnos, se fose o caso, ou pais as informacións que se deriven dos instrumentos de avaliación utilizados para a valoración do proceso de aprendizaxe. Cando sexan probas escritas, os pais/nais terán acceso a estas, revisándoas co profesor.
 - Os instrumentos de avaliación deberán ser conservados, polo menos, ata **tres meses**, despois de adoptadas as decisións e formuladas as cualificacións finais de curso ou ciclo.

O Regulamento de Réxime Interno do Centro regula a intervención dos distintos órganos de coordinación docente para atender as incidencias que puidesen xurdir no proceso de avaliación dos alumnos